



Concello de Gondomar

Resolución de Alcaldía

Expediente: 2850/2023

Asunto: Bases e convocatoria para a concesión de subvencións municipais para a execución de actividades que persigan fin social, no exercicio 2023

RESOLUCION DA ALCALDÍA

Como xa ven sendo habitual nestas datas do ano, o Concello, a través das distintas áreas de gasto, Benestar Comunitario, Promoción cultural e Deportes, habilita unha vía para que as diferentes entidades de fin social, culturais e deportivas poidan recibir unha achega económica que lles axude no desenvolvemento das súas actividades.

Tendo en conta o sinalado na base de execución nº 28, de Réxime de subvencións, que literalmente dí:

“O réxime xurídico das subvencións outorgadas polo Concello será o regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, de 13 de xuño, e, no seu caso, as disposicións que as desenvolvan, así como a Ordenanza Xeral de Subvencións aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro do 2.004 (B.O.P. 7-10-2004).”

Visto o informe da Intervención municipal de data 09 de novembro de 2023, e tendo en conta que, con carácter previo ó outorgamento de subvencións, o Concello deberá aproba-las Bases así como a correspondente convocatoria pública.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións, pola presente

RESOLVO

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións municipais para a execución de actividades que persigan un fin social, no exercicio 2023 por importe de 5.000,00 euros, co seguinte detalle:

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

Partida orzam.	Concepto	Nº RC	Importe
231/48000	Subvencións fin social concorrencia competitiva	9971	5.000,00

Segundo.- Efectuar a convocatoria para a concesión de subvencións municipais para a execución de actividades que persigan un fin social, no exercicio 2023, co texto que figura no Anexo da presente Resolución

Terceiro.- Notificar a presente resolución ó departamento de servizos sociais.

Cuarto.- Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e o extracto da convocatoria no BOPP.

(Documento asinado electrónicamente á marxe)

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

